


A Agroecoloxía é Saúde!



COA T'UA ALIMENTACIÓN, ENFRÍAS OU QUEGES O PLANETA?

- > Cantos milleiros de quilómetros viaxaron os alimentos que consumes?
- > Canto petróleo queimaron polo camiño ou levan no seu envase?
- > A agroindustria é unha das principais fontes de mudanza climática
- > **A agroecoloxía enfría o planeta**

DECIDES O QUE COMES?



- > Sabes se consumes transxénicos?
- > Sabes se os teus alimentos levan tóxicos?
- > Canto do que pagas vai parar á/ao labreg@?
- > **O consumo de alimentos locais, directos d@ produtor(a), de cooperativa ou pequeno comercio xera emprego e riqueza local e fai posíbel un rural vivo**



17 de abril: día da loita labrega

O 17 de abril foi declarado pola Vía Campesina desde 1996 como o 'Día Internacional da Loita Labrega' coma homenaxe a 19 campesiñ@s do 'Movemento Sen Terra' asasinad@s –e máis de 60 ferid@s– pola policía brasileira en Eldorado dos Carajás (Brasil), durante unha mobilización na que 1500 familias sen terra esixían a entrega dun latifundio (que non estaba en produción) para traballar e producir alimentos. Até o día de hoxe ningún dos responsábeis foi condenado. +INFO: www.viacampesina.org

PETROALIMENTOS E ALIMENTOS VIAXEIROS

> Os alimentos industriais consomen grandes cantidades de petróleo (en forma de abonos, pesticidas, transporte e envasado). **A agroindustria é responsábel de entre 17 e 32% das emisións de mudanza climática.** O petróleo é causa de guerras e destrución ambiental.

TRANSXÉNICOS E TÓXICOS NA T'UA MESA

> Na alimentación industrial é cada vez maior a presenza de compoñentes transxénicos e tóxicos. A nosa alimentación é cada vez menos saudábel.

AS GRANDES SUPERFICIES CONTROLAN O MERCADO

> No Estado español máis do 80% dos alimentos son mercados en súper e hipermercados. **Cinco grandes superficies –Carrefour, Mercadona, Eroski, Auchan e El Corte Inglés– e dúas centrais de compra –Euromadi e IFA– controlan máis do 75% do mercado.** En Galiza 3 empresas –Gadisa, Eroski e Carrefour– controlan preto do 65%. Verduras e hortalizas poden multiplicar por 5 o seu prezo d@ produtor(a) á/ao consumidor(a).

O EXTERMINIO LABREGO DA PAC

> A Política Agraria Común Europea (PAC), promove e apoia cos cartos dos nosos impostos este modelo de produción e de comercialización dos alimentos, esnaquizando e precarizando as economías labregas. **Cada minuto desaparecen tres explotacións labregas na Unión Europea.** No noso país tamén desaparecen moitas explotacións cada ano e o noso medio rural esmorece.

A CIDADANÍA GALEGA
NA REVOLTA GLOBAL

